



José Ángel Blanco Purriños. Gandeiro e presidente de CLUN, SCG

Falta man de obra. Por que?

Un dos problemas que afronta o sector lácteo na actualidade é o da escaseza de man de obra, se ben eu non o enfocaría como algo específico da gandería de vacún de leite, senón como un problema que lles afecta a todas aquelas profesións que non teñen o que coñecemos como “horario de oficina”: horarios estandarizados, festivos e fins de semana libres... Tendemos a asociar este concepto ao de calidade de vida, cando non sempre ten por que ser así.

Ademais, hai certos traballos que sofren un claro desprestixio por parte da sociedade, como a maioría dos que teñen que ver co sector primario. No caso específico da gandería de leite, que é a que nos ocupa, esta situación está en parte provocada polas propias persoas que a integramos, xa que moitas delas teñen unha mala percepción da profesión. Neste sentido, se algo debemos ter claro é que somos nós, os gandeiros, os que temos que defender o sector ante a sociedade e non ao revés.

Existen hoxe en Galicia moitos homes e mulleres de mediana idade que proceden de fogares onde había vacas cando eles eran novos; incluso eles mesmos foron gandeiros e no seu subconsciente aínda persiste ese modelo no que se traballaba sen descanso os 365 días do ano e que absolutamente en nada se parece ao que temos hoxe en día, moito máis profesionalizado e moderno.

Cando eu era un rapaz recordo que en case todas as casas do arredor había unhas poucas vacas. Á xente que de verdade nos gustaba ese traballo apostamos por el e fómonos adaptando aos novos tempos, mentres que aos que non lles gustaba marcharon en canto tiveron a oportunidade. Cando comezou a crise do ladrillo, moitas desas persoas quixeron volver ao campo, pero fixérono por necesidade, non porque se sentisen atraídas por este modo de vida e, realmente, cando algo non che gusta é difícil que te formes ben nesa profesión.

Non obstante, hai que mirar cara a diante e a solución pasa por conseguir sentirnos orgullosos do noso medio de

vida, defendelo, valorizalo e vendelo mellor ante a sociedade. Pero ese cambio non se fai da noite para a mañá e todos temos que esforzarnos e traballar nesa dirección, primeiro nós, os gandeiros, e tamén os medios do sector, como *Vaca Pinta*, teñen un papel moi importante no reflexo dunha realidade máis atractiva e interesante para aqueles que buscan unha ocupación.

Outra demanda que solicita unha parte do colectivo é o fomento dos servizos de substitución. Porén, a miña humilde opinión é que se trata dun oficio propenso a desaparecer, pois evolucionamos cara a ganderías cada vez máis grandes, as cales non precisan este tipo de asistencia porque xa teñen a súa propia man de obra coas súas correspondentes quendas de traballo e de descanso. Sobra dicir que este sistema é máis barato, estable e eficiente.

Con todo, para darlles resposta a eses produtores, unha fórmula viable podería ser a de crear empresas especializadas. O papel das cooperativas sería o de apoialas na posta en marcha do proxecto, garantindo unha base de gandeiros cos que empezar a traballar. O que resulta inviable é que sexamos as propias cooperativas as que lles proporcionemos ese servizo aos socios, porque nese caso serían empregados da cooperativa e os salarios que lles habería que retribuír serían máis elevados cós que se pagan no campo, xa que a cotización ao Réxime Xeral da Seguridade Social é superior á cotización ao Réxime Agrario, co cal ao gandeiro lle resultaría moi caro o custo dese obreiro. Só con subvencións públicas sería posible o mantemento deste servizo por parte das cooperativas. Así ocorreu en Os Irmandiños –hoxe integrada en CLUN–, que ofertou a prestación mentres durou a axuda.

O certo é que hoxe en día é difícil atopar xente que queira traballar nas granxas, debido a unha mestura de descoñecemento e de mala imaxe do sector. A maior parte da man de obra interesada é a de inmigrantes na procura dun traballo e sen tantos prexuízos con respecto á verdadeira realidade da gandería de vacún de leite. ■

► A SOLUCIÓN PASA POR CONSEGUIR SENTIRNOS ORGULLOSOS DO NOSO MEDIO DE VIDA, DEFENDELO, VALORIZALO E VENDELO MELLOR ANTE A SOCIEDADE